

AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



DOCUMENTO V

PLAN DE SEGUIMIENTO



ÍNDICE

PARTE I – INTRODUCCIÓN.....1

1 AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA.....2

2 A NECESIDADE DE FACER O SEGUIMENTO.....8

PARTE II – PLAN DE SEGUIMENTO.....13

1 SEGUIMENTO DOS PROXECTOS.....11

LIÑA 1 – Unha Redondela máis democrática e inclusiva.....13

LIÑA 2 – Prosperidade para todos e todas.....18

LIÑA 3 – Urbanismo sostíbel.....28

LIÑA 4 – Transporte e tráfico.....29

LIÑA 5 – Xestión de Recursos naturais.....32

LIÑA 6 – Unha poboación sensibilizada.....38

2 SEGUIMENTO DE SUSTENTABILIDADE.....41



PARTE I

INTRODUCCIÓN



1 AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA

1.1. Axenda 21 e o desenvolvemento sostíbel

A Axenda 21 é un plan de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar no Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso que van implantar e desenvolver as entidades locais e que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun plan de acción local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón ademais facelo dun xeito estruturado e planificado, o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionamentos.

A Carta de Aalborg

A carta das cidades europeas cara á sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis, que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.



Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o Concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña Europea de Cidades e Vilas Sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg estableceéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e vilas europeas. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en plans e accións concretos.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:

- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na Administración local, as súas políticas e actividades de xestión.
- Sensibilización e educación en temas ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información ambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, ONG, cidades irmás, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.

Obxectivos da Axenda 21

A Axenda 21 ten coma finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e solo).
- Manter a diversidade ecolóxica.



-
- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
 - Na medida do posíbel, os problemas que xorden no ámbito local cómpre resolvelos no mesmo ámbito.
 - Garantir o acceso a un traballo digno e a unha economía diversificada e non agresiva co medio.
 - Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
 - Traballar por un medio limpo, seguro e agradábel e por mellorar o contorno no medio urbano.
 - Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de ambiente e desenvolvemento sustentábel.

A pesar de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

1.2 As fases da Axenda 21

1.2.1 Auditoría

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.

A auditoría consta de:



- Unha **prediagnose**, que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc. á poboación co fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se motiva na participación.
- Unha **diagnose**, que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un **documento de síntese**, que consiste nun resumo da información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para acadar un desenvolvemento sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

A auditoría de Redondela foi realizada entre setembro de 2004 e xullo de 2005.

1.2.2 Plan de Participación

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará á concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e ambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:



- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da auditoría municipal.
- Implicación do público na definición do futuro do concello.
- Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.

1.2.3 Plan de Acción

O Plan de acción local establécese a partir das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio.

O Plan de acción local componse dos seguintes elementos:

- As liñas estratéxicas que son os grandes eixos previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e ambiental que rexe a entidade local.
- Un programa de actuación que responda a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais, agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os proxectos, que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plan de acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as comisións temáticas; aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.



Executado o Plan de acción local, o Concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é informar a poboación en xeral e a outras administracións. Este documento denomínase: declaración ambiental.

1.2.4 Plan de seguimento

O Plan de seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de indicadores e crearase un órgano encargado do seguimento do Plan de acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das comisións temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plan de Acción Local (gra de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos, sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.

2 A NECESIDADE DE FACER O SEGUIMENTO

Na primeira fase (a auditoría) avalíouse o estado actual do municipio no contexto do desenvolvemento sostíbel. Os resultados desa parte están publicados no *Informe da prediagnose*, *Informe da diagnose*, e no *Documento de Síntese*. As conclusións desa auditoría ditaron as prioridades e a estrutura para o *Plan de acción*, que describe os programas de acción e os proxectos concretos que se van implantar en Redondela co fin de promover un desenvolvemento sostíbel.

O Plan de acción non é o final do proceso da Axenda 21, porque o desenvolvemento sostíbel non é unha cousa que se 'consegue' para sempre a través duns proxectos puntuais. Con cada década cambia a natureza da nosa sociedade, da nosa cultura, da nosa economía e da nosa forma de vivir. Polo tanto, os retos para asegurar que vivimos de forma sostíbel, e que o desenvolvemento do noso municipio sexa sostíbel, tamén cambian co tempo. As prioridades identificadas na auditoría de 2005, e no Plan de acción de 2006, non van ser os mesmos que no ano 2007 ou 2008, e aínda menos que no 2015 ou 2016. O reto de conseguir un desenvolvemento sostíbel é algo continuo e dinámico, e a Axenda 21, a nosa ferramenta para seguilo, ten que ser o mesmo. Por iso é importante recoñecer a Axenda 21 máis como un proceso e unha forma de traballar que como unha simple serie de proxectos.

O seguimento do proceso, entón, é tan importante como os proxectos identificados ao principio no Plan de acción. É necesario en tres ámbitos:

1. Seguir o progreso de cada proxecto para comprobar que as recomendacións do Plan de acción se están implantando. Con este fin identifícase unha serie de **indicadores de execución** de proxectos.



-
2. Seguir o efecto de cada proxecto implantado, para comprobar que está facendo o efecto desexado no contexto do desenvolvemento sostíbel. Con este fin identifícase unha serie de **indicadores de impacto** de proxectos.

 3. Seguir o estado ambiental, económico e socio-cultural do municipio para identificar novos problemas, prioridades e direccións. Con este fin identifícase unha serie de **indicadores de sustentabilidade** do municipio.

Cada nivel de seguimento ten un ciclo e un programa de medicións distinto, mais todos contribúen ao proceso continuo de promover o desenvolvemento sostíbel.



PARTE II

PLAN DE SEGUIMIENTO

1 SEGUIMIENTO DOS PROXECTOS

O Plan de acción describe accións específicas que se van emprender (proxectos) como mellor forma de responder as prioridades en 2006, que se agrupan nas liñas estratéxicas e programas de acción. É necesario monitorizar que se fai o que se di se vai facer, seguindo a *execución* de proxectos, e tamén monitorizar que eses proxectos teñen o impacto en solucionar o problema que anticipamos, así seguindo o *impacto* de proxectos.

1.1 Seguimento da execución de proxectos

Os indicadores de execución de proxectos son sinxelos e fáciles de medir sen necesidade de novos estudos ou medicións de campo. Na maioría dos casos é simplemente o caso de consultar os actores indicados (o propio concello, outras administracións, ou nalgúns casos grupos de empresas ou asociacións). Co fin de manter e aumentar a confianza do público, é importante que, unha vez identificadas as prioridades para a acción e os proxectos para implantar, a súa execución ten un seguimento relativamente intensivo. Polo tanto, esta serie de medicións débense facer anualmente.

1.2 Seguimento do impacto de proxectos

Os indicadores de impacto de proxectos ás veces son máis complicados, porque segundo o tipo de proxecto:

- Os impactos poden non ser inmediatos.
- Poden ser máis difíciles de medir de forma cuantitativa.
- Os resultados que veñen de terceiros pode que non sexan publicados/dispoñíbeis inmediatamente. O impacto de proxectos para reducir residuos e fomentar a reciclaxe, por exemplo, medírase a través dos datos anuais de Urbaser, EcoVidrio, EcoEmbes e Sogama, que se publican ata un ano despois do remate do ano.



Non obstante, o seguimento, canto máis inmediato posible, é importante para asegurar que estes primeiros pasos cara á sustentabilidade son de verdade os adecuados. Co fin de atopar o balance adecuado neste respecto, a maioría das medicións de seguimento de impacto deben facerse nun ciclo de 3 anos.

1.3 Metodoloxía e xestión de resultados

O programa anual e trianual de seguimento será responsabilidade da Concellería de Medio Ambiente. Os resultados seranlle comunicados ao Consello de Axenda 21, e a súa interpretación, en canto a cambios de proxectos ou novos proxectos necesarios, será responsabilidade do Consello de Axenda 21.



Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Programa 1.1 - Fomentar unha cultura de colaboración

| Proxecto | 1.1.1 Crear consello Axenda 21 | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º reunións do Consello | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º entidades representadas en reunións | Anual | Datos do concello |

| Proxecto | 1.1.2 Programa de formación en desenvolvemento sostible e Axenda 21 para políticos e empresarios | | |
|----------------|--|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º políticos e empresarios que asisten a actividades de formación | Anual | Datos do concello/os que imparten cursos |
| Impacto | N.º proxectos de colaboración entre concellerías | 3 anos | Consello de A21 |
| | N.º proxectos de colaboración entre sectores | 3 anos | Consello de A21 |

| Proxecto | 1.1.3 Publicitar posibilidades para financiamento privado e alleo | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º boletíns redactados | Anual | Datos do Concello |
| Impacto | Cantidade de financiamento externa en proxectos municipais | 3 anos | Consello de A21 |
| | N.º proxectos con financiamento externo | 3 anos | Consello de A21 |



Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Programa 1.2 - Un Concello que escoita máis á cidadanía

| Proxecto | 1.2.1 Crear 'concello novo' en colaboración con institutos | | |
|----------------|--|---------------------|---------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º reunións do concello novo | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º alumnos que participan | Anual | Consello de A21 |
| | Participación en eleccións entre persoas de 18 a 21 anos | 4 anos | Instituto Galego de Estatística |

| Proxecto | 1.2.2 Continuar programa de actividades consultativas sobre Axenda 21 | | |
|----------------|---|---------------------|---|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de actividades consultativas realizadas | Anual | Datos do concello/organizadores de actividades |
| Impacto | N.º de persoas que achegan ideas e opinións en actividades | Anual | Datos do concello/organizadores de actividades |
| | N.º de persoas de grupos prioritarias que participan (inmigrantes, discapacitados, mozos) | Anual | Datos do concello/organizadores de actividades. |



Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Programa 1.3 - Unha poboación máis participativa

| Proxecto 1.3.1 Promover fondos para iniciativas socioculturais locais | | | |
|--|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Campañas de publicidade realizadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de grupos que piden e que reciben subvencións | Anual | Datos do concello |

| Proxecto 1.3.2 Servizo de apoio a asociacións | | | |
|--|--|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Servizo de apoio formalizado e publicitado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de asociacións rexistradas | Anual | Datos do concello |
| | Actividade de asociacións | 3 anos | ? |

| Proxecto 1.3.3 Capacitación a asociacións e comunidades de montes | | | |
|--|--|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Actividades de formación organizadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de asociacións que participan en formación | Anual | Datos do concello |
| | Actividade de asociacións | 3 anos | ? |



Liña 1 - Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Programa 1.4 - Un concello para todos e todas

| Proxecto | 1.4.1 Facilitar o acceso a vivendas: creación de vivendas de protección oficial | | |
|----------------|---|---------------------|---------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de vivendas de protección oficial construídas | Anual | Datos da Xunta de Galicia |
| Impacto | N.º persoas en listas de espera para vivendas protexidas | 3 anos | Datos do concello |
| | Percepción pública sobre facilidade de conseguir unha vivenda | 3 anos | Enquisas públicas |

| Proxecto | 1.4.2 Facilitar acceso a vivendas: promover o aluguer de vivendas | | |
|----------------|---|---------------------|---------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Porcentaxe de vivendas en réxime de aluguer | Anual | Datos da Xunta de Galicia |
| Impacto | Percepción pública sobre facilidade de conseguir unha vivenda | 3 anos | Enquisas públicas |

| Proxecto | 1.4.3 Crear novo centro residencial para maiores dependentes | | |
|----------------|---|---------------------|---------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º prazas residenciais creadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de maiores dependentes coa necesidade de praza residencial que non o teñen no municipio | 3 anos | Datos da Xunta de Galicia |

| Proxecto | 1.4.4 Formar estratexia de mellorar servizos para maiores | | |
|----------------|---|---------------------|-----------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Estratexia adoptada | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Fondos traídos para mellorar servizos a maiores | 3 anos | Datos do concello |
| | Calidade de vida entre maiores e as súas familias | 3 anos | Enquisas con maiores e cuidadores |

| Proxecto | 1.4.5 Adoptar una política integral de accesibilidade municipal | | |
|----------|---|--|--|
|----------|---|--|--|



| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
|----------------|---|---------------------|--|
| Execución | Plan adoptado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Fondos traídos para obras e proxectos de mellora de integración e accesibilidade para todos | 3 anos | Datos do concello |
| | Calidade de vida para persoas con discapacidades | 3 anos | Enquisas con persoas discapacitadas e cuidadores |

| Proxecto | | | |
|--|---|---------------------|--|
| 1.4.6 Apoiar iniciativas para integrar a persoas discapacitadas no mercado laboral e na vida sociocultural cotiá do municipio | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º proxectos de integración realizados | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º persoas con discapacidades en traballos pagados | 3 anos | Instituto Galego de Estatística |
| | Calidade de vida para persoas con discapacidades | 3 anos | Enquisas con persoas discapacitadas e cuidadores |



Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

Programa 2.1 - Desenvolver infraestruturas industriais

| Proxecto | 2.1.1 Creación dun parque industrial na parroquia de Vilar | | |
|----------------|--|---------------------|------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Superficie de solo industrial creado no parque industrial | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Superficie de solo no parque ocupado por empresas | 3 anos | Datos dos xestores do parque |

Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

Programa 2.2 – Apoio a empresas pequenas

| Proxecto 2.2.1 Creación dun viveiro de empresas | | | |
|--|--|---------------------|-------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Superficie de viveiro de empresas creado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de empresas localizadas no viveiro | 3 anos | Datos dos xestores do viveiro |
| | Índice de fracaso en empresas de nova creación | 3 anos | Cámara de comercio |

| Proxecto 2.2.2 Creación dun centro comercial aberto | | | |
|--|--|---------------------|----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º empresas localizadas nun centro comercial | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Índice de fracaso en comercios no centro comparado cos de fóra do centro | 3 anos | Cámara de comercio |
| | Índice de renda do sector comercial | 3 anos | Cámara de comercio/Facenda |

| Proxecto 2.2.3 Crear a figura profesional dunha/un titora/or empresarial | | | |
|---|---|---------------------|--------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Porcentaxe de empresas de nova creación que utilizan o servizo de titoría | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Índice de fracaso en empresas de nova creación | 3 anos | Cámara de comercio |

| Proxecto 2.2.4 Apertura dun portelo único empresarial dentro do concello | | | |
|---|---|---------------------|----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º persoas/empresas que utilizan o portelo único | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º novas empresas creadas | 3 anos | Cámara de comercio/Facenda |
| | Índice de fracaso de novas empresas | 3 anos | Cámara de comercio/Facenda |

| Proxecto 2.2.5 Realizar un plan de dinamización comercial | | | |
|--|-----------|------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de | Fonte de datos |



| | | medición | |
|------------------|--|----------|----------------------------|
| Execución | Estudo realizado/plan adoptado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Índices de renda nos sectores relevantes | 3 anos | Cámara de comercio/Facenda |



Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

Programa 2.3 - Diversificar e reducir a dependencia no sector servizos

| Proxecto | 2.3.1 Dinamización dos novos nichos de emprego | | |
|----------------|---|---------------------|----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de plans para crear novas empresas vinculadas a este sector | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º postos de traballo creados nos novos nichos de emprego | 3 anos | Cámara de comercio/Facenda |

| Proxecto | 2.3.2 Revalorización do sector da pesca de baixura artesanal (marisqueo) | | |
|----------------|--|---------------------|---------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Estudo inicial realizado | Anual | Datos do concello |
| | Actividades de formación realizados | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Participación en actividades de formación | 3 anos | Datos do concello/organizadores |
| | Índice de renda do sector de marisqueo | 3 anos | Consellería de Pesca/Facenda |

| Proxecto | 2.3.3 Potenciar a relevancia da flota de cerco de Cesantes a través do fomento de emprego e a formación | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Actividades de formación realizadas | Anual | Datos do concello |
| | Realización do estudo de comparación con outras zonas costeiras | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxe de persoas en desemprego e demandantes desta actividade. | 3 anos | Confraría de pescadores, INEM |
| | Porcentaxe da necesidade de man de obra neste sector | 3 anos | Confraría de pescadores, INEM |

| Proxecto | 2.3.4 Fomentar a creación dunha cooperativa local de produtos agrícolas | | |
|----------------|---|---------------------|----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º agricultores que forman parte de cooperativas | Anual | Consellería do Medio Rural |
| Impacto | Índice de renda do sector agrícola | 3 anos | Consellería do Medio |



| | | | |
|--|--|--|---------------|
| | | | Rural/Facenda |
|--|--|--|---------------|

Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

Programa 2.4 – Desenvolver o turismo sostíbel

| Proxecto | 2.4.1 Mellorar a calidade da oferta turística e promover o turismo cultural no centro urbano | | |
|----------------|--|---------------------|---|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Marco de calidade creado | Anual | Datos do concello |
| | Actividades de promoción realizadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de turistas que visitan a zona urbana para actividades culturais | 3 anos | Enquisas públicas nas festas e festivais principais |

| Proxecto | 2.4.2 Fomentar a creación de restaurantes, hoteis e outros aloxamentos de alta calidade | | |
|----------------|---|---------------------|--------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º novas prazas de hotel e casa rural | Anual | Datos do concello |
| | N.º de restaurantes de gama media-alta no municipio | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Estancias de turistas no municipio (visitante/noites) | 3 anos | Datos dos hoteis e aloxamentos |

| Proxecto | 2.4.3 Recuperar e desenvolver rede de camiños para sendeirismo | | |
|----------------|--|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Km de camiños e sendeiros recuperados e sinalizados | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de turistas que visitan as zonas rurais do municipio | 3 anos | ? |

| Proxecto | 2.4.4 Publicar guías e outros materiais para promover o turismo rural | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de guías e itinerarios publicados | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º de turistas que visitan as zonas rurais do municipio | 3 anos | ? |

| Proxecto | 2.4.5 Crear centro de turismo activo e deporte acuático | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º centros de turismo activo | Anual | Datos do concello |



| | | | |
|----------------|---|--------|-------------------|
| | ou acuático creados | | |
| Impacto | N.º de turistas de deporte acuático ou turismo activo | 3 anos | Datos dos centros |

| | | | |
|-----------------------|--|----------------------------|-----------------------|
| Proxecto | 2.4.6 Formación en turismo | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Nº de participantes en xornadas de formación | anual | Datos do Concello |
| Impacto | Nº de establecementos gozando de marcos de calidade e de traballadores con titulación en turismo | 3 anos | Datos dos centros |

| | | | |
|-----------------------|--|----------------------------|-----------------------|
| Proxecto | 2.4.7 Mellorar a sinalización turística | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Programa para mellorar a sinalización implantada | anual | Datos do Concello |
| Impacto | Grao de satisfacción dos turistas | 3 anos | Enquisas a turistas |



Liña 2 – Prosperidade para todos e todas

Programa 2.5 – Formación e capacitación

| Proxecto | 2.5.1 Fomentar a creación de empresas de inserción | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º empresas de inserción creadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxe de persoas en risco de exclusión e demandantes dun emprego | 3 anos | Facenda/INEM |

| Proxecto | 2.5.2 Crear un Pool de recursos para o emprego | | |
|----------------|---|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Aulas/ordenadores/outras instalacións dispoñíbeis | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxes de desempregados que utilizan o servizo | 3 anos | Concello/operadores do servizo |
| | Porcentaxe de usuarios que atopan emprego | 3 anos | Operadores do servizo/INEM/Servizo de Colocación |

| Proxecto | 2.5.3 Fomentar a formación e capacitación nos novos nichos de emprego — servizos de axuda a domicilio | | |
|----------------|---|---------------------|---------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Programas de formación e capacitación impartidos | Anual | Datos do concello/organizadores |
| Impacto | N.º de redondeláns que atopan emprego nos novos nichos de emprego | 3 anos | INEM/Servizo de Colocación |

| Proxecto | 2.5.4 Reforzar os servizos municipais de atención a persoas dependentes | | |
|----------------|--|---------------------|------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Índices de dotación de servizos de garderías infantís e de axuda no fogar | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxe de persoas e familias dependentes que utilizan os servizos de atención do Concello de Redondela | 3 anos | Datos do concello/operadores |



| | | | |
|--|---|--------|----------------------------|
| | Índice de persoas que abandona actividades formativas e laborais para atender a persoas dependentes | 3 anos | INEM/Servizo de Colocación |
|--|---|--------|----------------------------|



Liña 2 – Prosperidade para todos e todas
Programa 2.6 – Promover igualdade de oportunidades

| Proxecto | 2.6.1 Adoptar Plan de igualdade de oportunidades municipal | | |
|----------------|---|---------------------|-----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Plan de IO municipal adoptado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxe de mulleres, persoas discapacitados e inmigrantes en activo no mercado laboral | 3 anos | INEM |
| | Índices de igualdade no mercado laboral | 3 anos | Servizo Galego de Igualdade |

| Proxecto | 2.6.2 Formación e sensibilización en igualdade de oportunidades | | |
|----------------|---|---------------------|-----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º actividades e campañas realizadas | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Porcentaxe de mulleres, persoas discapacitadas e inmigrantes en activo no mercado laboral | 3 anos | INEM |
| | Índices de igualdade no mercado laboral | 3 anos | Servizo Galego de Igualdade |



Liña 3 – Urbanismo sostíbel

Programa 3.1 – Xestión do urbanismo

| Proxecto | 3.1.1 Adoptar Plan xeral de ordenación municipal | | |
|----------------|---|---------------------|----------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | PXOM adoptado | Anual | Datos do concello |
| Impacto | N.º infraccións de urbanismo | 3 anos | Datos do concello |
| | Porcentaxe de territorio protexido da construción e urbanismo | 3 anos | Datos do concello |
| | Porcentaxe de novas actividades industriais situadas no polígono industrial | 3 anos | Datos do concello |
| | Índice de satisfacción cidadá no proceso urbanístico | 3 anos | Enquisa da cidadanía |

| Proxecto | 2.6.2 Crear mecanismos de seguimento do PXOM e de consulta e comunicación en temas de urbanismo | | |
|----------------|---|---------------------|----------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Creación do foro | Anual | Datos do concello |
| Impacto | Participación cidadá en decisións relacionadas co urbanismo | 3 anos | Datos do concello |
| | Índice de satisfacción cidadá no proceso urbanístico | 3 anos | Enquisa da cidadanía |

Liña 4 – Transporte e tráfico

Programa 4.1 – Fomentar o uso de transporte público

| | | | |
|-----------------------|---|----------------------------|---------------------------------|
| Proxecto | 4.1.1 Mellorar a frecuencia e a fiabilidade en rutas interurbanas de autobús | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Frecuencia de autobuses interurbanos | Anual | Estudo de horarios |
| Impacto | N.º pasaxeiros en autobuses interurbanos | 3 anos | Datos das empresas de autobuses |

| | | | |
|-----------------------|---|----------------------------|---------------------------------|
| Proxecto | 4.1.2 Mellorar servizos de autobús en zonas rurais | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Frecuencia de autobuses rurais | Anual | Estudo de horarios |
| Impacto | N.º pasaxeiros en autobuses rurais | 3 anos | Datos das empresas de autobuses |

| | | | |
|-----------------------|---|----------------------------|-----------------------|
| Proxecto | 4.1.3 Máis frecuencia de trens que paren en Redondela | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Frecuencia de trens que paran en Redondela nas liñas Vigo–Santiago e Vigo–Porriño | Anual | Estudo de horarios |
| Impacto | N.º de pasaxeiros que usan trens dende Redondela | 3 anos | Datos de RENFE |

| | | | |
|-----------------------|---|----------------------------|--------------------------------|
| Proxecto | 4.1.4 Mellorar a integración de horarios e billetes de autobuses e trens con autobuses urbanos en Vigo | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de rutas combinadas con horarios enlazados | Anual | Estudo de horarios |
| | Combinacións de transporte posíbeis con billete único | Anual | Empresas de transporte público |
| Impacto | N.º de pasaxeiros que usan transporte público na ruta Redondela–Vigo | 3 anos | Empresas de transporte público |



Liña 4 – Transporte e tráfico

Programa 4.2 – Fomentar o uso de transporte limpo

| Proxecto 4.2.1 Creación de carrís de bici urbanos e interurbanos | | | |
|---|--|---------------------|-----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Km de carrís bici creados no municipio | Anual | Concello |
| Impacto | N.º de persoas que usan bicis como medio de transporte | 3 anos | Enquisas, estudo de tráfico |

| Proxecto 4.2.2 Instalar estruturas para aparcamento seguro para bicis | | | |
|--|---|---------------------|-----------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de estruturas para seguro aparcamento para bicis instaladas | Anual | Concello |
| Impacto | N.º de persoas que usan bicis como medio de transporte | 3 anos | Enquisas, estudo de tráfico |

| Proxecto 4.2.3 Fomentar o feito de compartir coches | | | |
|--|--|---------------------|-------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Existencia de base de datos en Internet | Anual | Páxina do concello e/ou Xunta |
| Impacto | N.º de persoas que usan base de datos para compartir viaxes en coche | 3 anos | Xestores da páxina web |

| Proxecto 4.2.4 Recuperar e desenvolver redes de camiños para acceder ao casco urbano a pé | | | |
|--|---|---------------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Km de camiños recuperados | Anual | Concello |
| Impacto | N.º de persoas que acceden ao casco urbano a pé | 3 anos | Enquisas |



Liña 4 – Transporte e tráfico

Programa 4.3 – Xestión de tráfico urbano

| Proxecto | 4.3.1 Realizar estudo independente de xestión de tráfico urbano | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Estudo realizado | Anual | Concello |
| | Proxectos de reducir conxestión implantados | Anual | Concello |
| Impacto | Niveis de conxestión de tráfico | 3 anos | Estudo de tráfico |

| Proxecto | 4.3.2 Reducir cantidades de tráfico na praia de Cesantes en verán | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Medidas tomadas para reducir tráfico | Anual | Concello |
| Impacto | N.º de coches na punta en verán | 3 anos | Estudo de tráfico |

Liña 5 – Xestión de recursos naturais

Programa 5.1 – Xestión de residuos

| Proxecto | | | |
|--|--|---------------------|----------------|
| 5.1.1 Adoptar o Plan de xestión de residuos | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Plan de residuos adoptado | Anual | Concello |
| Impacto | Volume de residuos non reciclados xerado | 3 anos | SOGAMA |

| Proxecto | | | |
|---|--|---------------------|------------------------------|
| 5.1.2 Mellorar instalacións de recollida selectiva | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de illas de contedores soterrados instaladas | Anual | Concello |
| Impacto | Porcentaxe de RSU separados | 3 anos | Urbaser, EcoEmbes, EcoVidrio |

| Proxecto | | | |
|--|--|---------------------|----------------------------------|
| 5.1.3 Compostaxe de residuos orgánicos municipais e algas | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Creación de planta de compostaxe | Anual | Concello |
| Impacto | Volume de residuos orgánicos compostados | 3 anos | Xestores da planta de compostaxe |

| Proxecto | | | |
|---------------------------------------|--|---------------------|-------------------------|
| 5.1.4 Creación dun punto limpo | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Creación de punto limpo | Anual | Concello |
| Impacto | Volume de residuos refugados ou reciclados a través do punto limpo | 3 anos | Xestores do punto limpo |
| | N.º incidencias de vertidos ilegais | 3 anos | Concello |

| Proxecto | | | |
|---|--|---------------------|----------------|
| 5.1.5 Campaña de sensibilización | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º campañas realizadas | Anual | Concello |
| Impacto | Volume de residuos non reciclados xerada | 3 anos | SOGAMA |



Liña 5 – Xestión de recursos naturais

Programa 5.2 – Promover a eficiencia enerxética

| 5.2.1 Mellorar eficiencia enerxética en edificios públicos | | | |
|---|--|---------------------|----------------------------|
| Proxecto | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Auditoría de edificios públicos realizada | Anual | Concello |
| | Iniciativas para mellorar eficiencia tomadas | Anual | Concello, Xunta de Galicia |
| Impacto | Consumo de enerxía en edificios públicos | 3 anos | Concello, Xunta de Galicia |

| 5.2.2 Mellorar eficiencia enerxética de empresas existentes | | | |
|--|---|---------------------|----------------|
| Proxecto | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º empresas que reciben axuda/información | Anual | Concello |
| Impacto | Consumo de enerxía en empresas e no sector industrial | 3 anos | INEGA |

| 5.2.3 Fomentar uso de enerxías renovábeis en edificios públicos e privados | | | |
|---|---|---------------------|----------------|
| Proxecto | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º instalacións de enerxías renovábeis en edificios | Anual | Concello |
| Impacto | Redución no consumo de electricidade da rede e enerxía de fontes non renovábeis | 3 anos | INEGA |

| 5.2.4 Fomentar maior eficiencia doméstica de enerxía | | | |
|---|---|---------------------|------------------|
| Proxecto | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de proxectos de aumentar eficiencia enerxética financiados | Anual | Xunta de Galicia |
| Impacto | Redución no consumo de electricidade da rede e enerxía de fontes non renovábeis | 3 anos | INEGA |

| 5.2.5 Control de cumprimento de toda normativa ambiental de edificación en nova construción | | | |
|--|-----------|------------|----------------|
| Proxecto | | | |
| Indicador tipo | Indicador | Período de | Fonte de datos |
| | | | |



| | | medición | |
|------------------|---------------------------------------|----------|----------|
| Execución | N.º inspeccións de obras | Anual | Concello |
| Impacto | Consumo de enerxía en edificios novos | 3 anos | INEGA |



Liña 5 – Xestión de recursos naturais

Programa 5.3 – Augas, saneamento e contaminación

| Proxecto | 5.3.1 Completar rede de sumidoiros en todo o municipio | | |
|----------------|--|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Porcentaxe de vivendas conectadas á rede de sumidoiros | Anual | Concello |
| Impacto | Incidencias de contaminación de ríos e da ría | 3 anos | Concello, Augas de Galicia, Dirección Provincial de Costas |

| Proxecto | 5.3.2 Máis control de infraccións de contaminación e vertidos | | |
|----------------|---|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Porcentaxe de incidencias que resulten en castigos xudiciais | Anual | Concello |
| Impacto | Redución en incidencias de contaminación e vertidos | 3 anos | Concello, Augas de Galicia, Dirección Provincial de Costas |

Liña 5 – Xestión de recursos naturais

Programa 5.4 – Biodiversidade e xestión de espazos naturais

| Proxecto | 5.4.1 Adoptar plans de recuperación e xestión integrada para X espazos naturais | | |
|----------------|---|---------------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º planes de xestión integrada creados | Anual | Concello |
| Impacto | Área (en ha) do territorio xestionado con conservación de biodiversidade como un dos obxectivos | 3 anos | Concello |

| Proxecto | 5.4.2 Implantar un plan de xestión integrada de zonas costeiras (GIZC) para a ría e o litoral | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Adopción do plan de XIZC | Anual | Xunta de Galicia |
| Impacto | Índices de sustentabilidade do ecosistema da ría | 3 anos | Ministerio de Medio Ambiente? |

| Proxecto | 5.4.3 Promover a xestión integrada de monte comunal | | |
|----------------|---|---------------------|------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Porcentaxe de monte comunal con plans de ordenación | Anual | Xunta de Galicia |
| Impacto | Porcentaxe de monte comunal con especies autóctonas | 3 anos | Xunta de Galicia |
| | Nº incendios forestais | 3 anos | Xunta de Galicia |

| Proxecto | 5.4.4 Revisar sistemas de limpeza e mantemento de terreos públicos con fin de promover biodiversidade | | |
|----------------|---|---------------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º de actividades modificadas para promover biodiversidade | Anual | Concello |
| Impacto | ¿? | | |

| Proxecto | 5.4.5 Realizar campaña municipal de repoboar con especies autóctonas | | |
|----------------|--|---------------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º árbores de especies autóctonas plantados | Anual | Concello |



| | | | |
|---------|--|--------|----------|
| Impacto | Área do municipio cuberta con árbores autóctonas | 3 anos | Concello |
|---------|--|--------|----------|



Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

Programa 6.1 – Actividades e formación con institucións educativas

| Proxecto 6.1.1 Educación de sostibilidade | | | |
|--|-------------------------------------|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º actividades | Anual | Institucións educativas/organizadores de actividades |
| Impacto | N.º de participantes en actividades | Anual | Institucións educativas/organizadores de actividades |

| Proxecto 6.1.2 Educación de biodiversidade | | | |
|---|-------------------------------------|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º actividades | Anual | Institucións educativas/organizadores de actividades |
| Impacto | N.º de participantes en actividades | Anual | Institucións educativas/organizadores de actividades |

| Proxecto 6.1.3 Formación e materiais para profesores | | | |
|---|--|---------------------|--|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º profesores que participaran en formación | Anual | Institucións educativas/organizadores de actividades |
| Impacto | N.º de actividades organizadas independentemente por institutos e colexios | 3 anos | Institucións educativas |



Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

Programa 6.2 – Campañas, materiais e actividades informais

| Proxecto 6.2.1 Xornadas ambientais anuais | | | |
|--|-------------------------------|---------------------|-------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º xornadas organizadas | Anual | Concello |
| Impacto | N.º participantes en xornadas | Anual | Concello, organizadores |

| Proxecto 6.2.2 Campañas anuais de sensibilización | | | |
|--|---|---------------------|-------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º campañas organizadas | Anual | Concello |
| Impacto | Indicadores específicos segundo a campaña | 3 anos | Concello, organizadores |

| Proxecto 6.2.3 Actividades públicas de coñecer o contorno natural | | | |
|--|----------------------------------|---------------------|-------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º actividades organizadas | Anual | Concello |
| Impacto | N.º participantes en actividades | Anual | Concello, organizadores |



Liña 6 – Unha poboación sensibilizada

Programa 6.3 – Fomento do voluntariado e educación a través da participación

| Proxecto | 6.3.1 Voluntarios ambientais | | |
|----------------|-------------------------------|---------------------|-------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º xornadas organizadas | Anual | Concello |
| Impacto | N.º participantes en xornadas | Anual | Concello, organizadores |

| Proxecto | 6.3.2 Participación de grupos e asociacións na protección do patrimonio | | |
|----------------|---|---------------------|-------------------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | N.º xornadas organizadas | Anual | Concello |
| Impacto | N.º grupos e individuos que participan | Anual | Concello, organizadores |

| Proxecto | 6.3.2 Creación de fondos para iniciativas ambientais locais | | |
|----------------|---|---------------------|----------------|
| Indicador tipo | Indicador | Período de medición | Fonte de datos |
| Execución | Fondo creado | Anual | Concello |
| Impacto | N.º de proxectos apoiados | Anual | Concello |

2 SEGUIMENTO DE SUSTENTABILIDADE

2.1 Antecedentes

O Plan de acción é o mellor intento de fomentar a sustentabilidade dados os coñecementos, recursos e cultura social e política no ano 2006. É de crer, que se é ben implantado, terá certos impactos, e que eses impactos nos levarán cara a un municipio máis sostíbel que permita unha alta calidade de vida para todos e para todas. Mais non sabemos se estes efectos serán suficientes, e non sabemos que outras prioridades xurdirán nos próximos anos e décadas. No seguimento do Plan de acción, avaliaremos se os obxectivos identificados no ano 2006 se cumpren, mais fai falta un nivel de seguimento que nos informe de se eses obxectivos seguen sendo os relevantes, ou se xorden outros novos retos para o desenvolvemento sostíbel.

Con este fin poderíase repetir a auditoría cada 3 anos. Mais para facer esa avaliación no ano 2005, facían falta tres estudos (a diagnose, a prediagnose e a síntese) e case un ano de traballo, recursos que quizás non son dispoñíbeis cada 3 anos. Máis relevante aínda é que a auditoría non pretende ser una avaliación completa, porque non é unha avaliación estandarizada que permite comparación co outros municipios, ou unha avaliación cuantificada que permite un seguimento estatístico.

O ideal é ter unha serie de indicadores de sustentabilidade, que son cuantitativos, sinxelos, fáciles de medir e comparar, e que dan unha imaxe real sobre o estado ambiental, económico e sociocultural do municipio. En España e noutras partes de Europa estanse a gastar moitos esforzos no estudo de indicadores de sustentabilidade, mais aínda non hai una serie de indicadores estándares aceptadas. O Ministerio de Fomento ten identificado os 50 indicadores que considera máis relevantes entre os adoptados por todos os



municipios españois asinantes da Carta de Aalborg¹, aínda que a forma de medilos non é especificada. Consta recoñecer que no caso de factores ambientais ou económicos (cantidades de RSU, taxas do paro, etc.) a súa medición é relativamente fácil, mais nas áreas relacionadas coa calidade de vida é máis complicado, sobre todo para facelo de forma cuantificable.

O Ministerio de Fomento tomou como referencias principais listas de indicadores de 4 fontes:

- *VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente (2002)*, que representa a dimensión ambiental dunha estratexia da comunidade europea para lograr a sustentabilidade.
- *Proxecto piloto de indicadores comúns europeos*, dirixido a establecer un sistema común de avaliación e medición das condicións de sustentabilidade local para o ámbito europeo.
- No ámbito español, o *Tronco común de indicadores ambientais*, co cal se pretende consensuar unha familia de indicadores con todas as comunidades autónomas, para contar cun conxunto que nos permita facer comparacións entre distintos municipios.
- *225 Medidas para o desenvolvemento sostíbel* de distintas agrupacións ecoloxistas de carácter independente, na cal se presenta unha alternativa á estratexia española no que ao desenvolvemento sostíbel se refire.

De feito, neste Plan de seguimento, non se identifican nin os indicadores específicos, nin a metodoloxía de medilos. O que se describe a continuación son as áreas principais para a súa avaliación en Redondela, e baseada nas mellores prácticas actualmente dispoñíbeis, os indicadores posibles. No momento de realizar a próxima avaliación de sustentabilidade en Redondela, no ano 2009,

¹ Ministerio de Fomento (2004) *Informe sobre los indicadores de sostenibilidad*, publicada a partir do material orixinal elaborado polo equipo de traballo dirixido por Agustín Hernández Aja do Instituto Juan de Herrera da Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid.



haberá que identificar máis detalladamente a forma de cuantificar cada indicador, baseada nas melloras prácticas e tendencias no ámbito galego, español e europeo na actualidade dese momento.

Este seguimento, ao igual que o seguimento do impacto de proxectos, realizarase nun ciclo de 3 anos. A interpretación dos resultados e o establecemento de novas prioridades será responsabilidade do Consello de Axenda 21.

2.2 Áreas e indicadores propostas para o seguimento de sustentabilidade en Redondela

| Área | Indicador | |
|---|-----------|---|
| Calidade de vida | 1 | Enquisa de calidade de vida cidadá |
| Democracia, inclusividade e participación | 2 | Porcentaxe de votación en eleccións |
| | 3 | Asociacionismo |
| | 4 | Índice de participación cultural |
| | 5 | Satisfacción cidadá coa Administración pública |
| | 6 | Accesibilidade a vivenda |
| | 7 | Accesibilidade a espazos e edificios públicos |
| Economía | 8 | Niveis de renda |
| | 9 | Vitalidade económica |
| | 10 | Vitalidade turística |
| | 11 | Empresas con sistemas de xestión ambiental ou certificación ambiental |
| Urbanismo | 12 | Espazos verdes nas zonas urbanas |
| | 13 | Espazos protexidos |
| | 14 | Intensidade urbanístico |
| Mobilidade | 15 | Proporción viaxes transporte público ou transporte limpo/vehículos privados |
| | 16 | Seguridade viaria |
| | 17 | Contaminación atmosférica |
| Enerxía | 18 | Consumo enerxético <i>per capita</i> |
| | 19 | Consumo enerxético por sector/por tipo |
| | 20 | Porcentaxe enerxía consumido de fontes renovables |
| Residuos | 21 | Volume residuos xerados |
| | 22 | Porcentaxe residuos reciclados |
| Augas | 23 | Calidade de augas |
| | 24 | Ecoloxía de augas |
| | 25 | Disponibilidade de auga como recurso |
| Biodiversidade | 26 | Presenza, distribución e conservación de especies ameazadas |
| | 27 | Presenza, distribución e conservación de hábitats ameazados ou recoñecidos como importantes |
| | 28 | Presenza e distribución de especies alóctonas |
| Sensibilización e educación ambiental | 29 | Gasto total en actividades de educación e sensibilización |
| | 30 | Gasto en actividades de educación e sensibilización como proporción de gasto total |